

Cartafol da LINGUA

Equipo de dinamización Lingüística - IES MugarDOS - Maio, 2013



25 anos de ensino público en MugarDOS

A celebración do aniversario culmina cunha gran festa

A programación de actividades para a conmemoración dos primeiros vinte e cinco anos de existencia do instituto porá o broche final a este curso cun xantar. A ANPA organiza para o 22

de xuño unha gran churrascada á que están convidados todos os membros da comunidade educativa e o antigo alumnado nunha xornada festiva de portas abertas. *[Páxinas 14]*



O alumnado grava un disco homenaxe

A aula de música converteuse a finais do mes de xaneiro nun estudo de gravación. As seis composicións orixinais do alumnado dirixido pola profesora Olga Cabalar compoñen o CD. *[Páxinas 16 e 17]*

Varios premios recoñecen o traballo ao longo do curso

O traballo do alumnado resultou premiado en varios certames e concursos. Entre eles o recoñecido concurso de Incubadora de Sondaxes e Experimentos ou o Primeiro Premio Emprande Xove. *[Páxinas 5 e 9]*

Cambios no uso dos móbiles no centro

O Consello Escolar aprobou o cambio nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) que a partir de agora permite o uso dos móbiles no instituto con certas condicións importantes. *[Páxinas 11]*



Consolídanse na ESO os Clubs de Lectura e o Programa de Mellora

Non son obrigatorios nin sen desenvolven no horario lectivo, pero logo de varios cursos son xa un sinal de identidade do instituto. Os Clubs de Lectura teñen medrado ata formaren tres grupos, un deles integrado por profesores, nais e persoal non docente. Os Programas de Mellora para o Éxito Escolar están a cumprir os seus obxectivos cunha ampla oferta de actividades.

Cartafol da Lingua

Boletín número 24 e 25

Curso 2012-2013

Edita EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA do IES Mugardos.Coordinación: Isabel Seoane e Serafín
Álvarez (maquetación)

COLABORAN:

Arume Martínez
 Vicente Cid
 Sara Silvar
 Andrea Arias
 Marinho Portero
 Zoe Rivera
 Alba Lamas
 Sandra Rodríguez
 Sandra Costa
 Verónica González
 Delia Rodríguez
 Iria Regueiro
 Pablo Berciano
 Paula Filgueira
 Inés Díaz
 Giovana Riobó
 Cristina García García
 Judith Rodríguez
 Pablo J. Rañales
 Ainhoa Platas
 Adriana C. Figueroa
 Pablo Rodríguez
 Sergio Pérez
 Miguel Pereira
 Adán Rivera
 Jorge Pérez
 Borja Fernández
 Francisco Rey
 David Romero
 Xurxo Romero
 Alberto Pérez
 Cristian Rubianes
 José Luís Mayobre
 Covadonga Rodríguez-Rey
 Cristina Montero
 Chelo Gundín
 Begoña Allegue
 Mara Meiriño
 Sara Kiewlicz

**O final dunha longa batalla**

1997



2013

Vinte e cinco primaveras

Facemos cadrar co 25º aniversario do centro o número 25 desta revista. É unha xusta casualidade. Desde que o instituto ocupa o actual edificio, contamos cunha publicación vinculada ás actividades de normalización lingüística. Primeiro foi o VIRAVOLTA, co decidido apoio das directivas dos centros de ensino de Mugardos e Ares. Logo a AEG, totalmente en mans do alumnado a través da Asociación de Estudantes Galegos fundada no instituto. E xa desde o curso 1996-1997 o CARTAFOL DA LINGUA. Houbo anos con máis dun número publicado, e cursos como o pasado no que non puido saír. Algúns artigos preparados daquela recuperámoslos para esta edición, por esa razón dupla. Oxalá sexa do teu agrado e queiras conservalo outros vinte e cinco anos contigo.

Intentamos reflectir o que foron algunhas actividades nas que, dun xeito ou doutro, participou a maioría do alumnado. Por exemplo, nas páxinas centrais atoparás as seis cancións compostas e musicadas en homenaxe colectiva ao instituto. Recuperamos, asemade, seccións históricas da revista como o Caderno de bitácora, Primeiro plano ou A Trabe de Ouro. E incluímos os traballos do Obradoiro de Prensa desenvolvido en varias sesións do Programa de Mellora para o Éxito Escolar no que participan alumnos e alumnas de 2.º ESO. Velaquí unha boa canteira de xornalistas para os vindeiros anos.

Tamén decidimos engadir publicidade, pero sen cobrarmos un céntimo. Trátase do noso pequeno recoñecemento ás empresas e institucións que nestes últimos anos veñen colaborando co centro nos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).

Por último só nos queda solicitar a túa participación no Equipo de Dinamización Lingüística. Son moitas as actividades nas que colaboramos: concurso de cabazas, magosto, entroido, obradoiros de cómic, vídeo, contacontos, intercambio con outros centros... Malia os recortes, poderemos sobrevivir sen subvencións, pero non sen a túa axuda. Non sen a túa lingua.

O circo da política e a repercusión na educación MARINHO PORTERO

Que se crise, recortes, Europa, reformas, prima de risco. Que se cartos, corrupción, cartos, máis cartos... Benvidos ao circo da política. Non agardedes rirvos moito, pallasos hai abondo, porén, a función é ben triste.

A situación na que se atopa España, e, polo tanto e por desgraza, Galicia, obriga a reducir gastos e, seguindo a política de austeridade xeralizada na UE, reducirase o gasto público no ensino e entrará en vigor unha nova lei educativa, LOMCE: Lei Orgánica para a "antención!" Mellora da Calidade Educativa. Vale, quizais iso si tivo algo de graza, xa que dita "mellora" consiste en:

- Avaliar os estudantes á fin da primaria e da ESO e facer que teñan que escoller canto antes, no terceiro curso da secundaria, se ao ano seguinte desexan realizar o curso preparatorio para entrar na Formación Profesional ou no Bacharelato, e pasar a correspondente proba. Condenando deste xeito a moitos deles a quedar no camiño, principalmente á xente con menos recursos que non pode estar un ano enteiro preparando esa proba de acceso en caso de suspender na primeira convocatoria.

- Restar poder ás asociacións de pais e nais de alumnos porque... Que demos saberá un pai ou nai o que é bo para a educación dos seus fillos?

- Reducir a aprendizaxe de linguas cooficiais a materias de especialización en lugar de seren troncais, e non se sabe se computables ou avaliáveis para a obtención de determinados títulos. Iso chámase "investir en cultura" aínda que noutros termos poderíamos falar de asasinato.

Claro queda que entre Galicia e o Partido Popular hai unha relación de agarimo mutuo moi especial e, por iso, seguimos escolléndoos.

- Diversos gobernos autonómicos financiarán centros concertados nos que se permite a segregación por sexos. Non se sabe se Estesos tivo algo que ver.

- Os centros que non cumpran co rendemento académico serán penalizados. Lóxico, non? Se un centro se atopa con déficits na calidade do seu ensino, o correcto é prexudicalo ata que desapareza, e non gastar os cartos que tanta falla nos fan en tonterías como reforzar eses déficits.

- Os centros terán maior autonomía, o que pode ser tan bo coma malo, dependendo das competencias do persoal docente, xefaturas de estudos e direccións.

Dende o divertidísimo punto de vista dun político como os que votamos, todo perfecto. Dende o meu, non sei se é unha soberana estupidez ou unha estupidez soberana. Que nos queda? Un: fodernos e aguantarnos. Dous: rebelarnos e que nos chamen terroristas e, tres: a privada, que cada vez parece unha opción mellor. Universidades como a de Deusto conciéncianse co pobo de clase baixa e comezan a aceptar fotografías dun mesmo, espido, como forma de pagamento de, polo menos, unha parte da matrícula. Aínda que pode que o correcto sexa cortarnos o pescozo e deixar que os ricos vivan en paz.

E dá igual que non che gustara a función, hala pagar igualmente.

ATRABE DE OURO

- O noso máis especial recoñecemento ao servizo de limpeza do instituto polo seu traballo silencioso e cotián que nos permite comezar cada xornada nas mellores condicións. Grazas, María Jesús, Inés e Amador, a quen non collemos na foto, así como ao resto do persoal non docente do centro.



- En materia de lingua e literatura galega congratulámonos polo recente achado de 23 novas cantigas escritas entre os anos 1380 e 1434 en Ferrol, atribuídos a Afonso Paez.

ATRABE DE ALCATRÁN

- Á recesión económica en forma de recortes, suba de impostos e austeridade para os que padecen a crise sen creala: estudantes, traballadores, pensionistas; e, pola contra, amnistía fiscal para grandes defraudadores, indemnizacións millonarias a responsables de bancos rescatados, estafadores e corruptos intocables.

- Manifestamos o noso disgusto, asemade, polo retroceso da lingua galega na sociedade en xeral, e no ensino particularmente.

Na lembranza, máis que unha viaxe

Excursión fin de curso 2011-2012

SARA SILVAR

ANDREA ARIAS

ARUME MARTÍNEZ

4.º ESO _____

Querida neta do futuro:

Nós, cando eramos novas, non podíamos permitírnos facer esa viaxe a Las Vegas. Nós fomos a Londres, e case de milagre! Aínda que non fose esa viaxe tan espectacular como ti pensas, porque se cadra ti, miña netiña, xa tes ido moitas veces a Londres. Nós pasámolo en grande e foi unha experiencia preciosa.

En total só uns doce ou trece alumnos, xa non o lembro ben, e tres profesoras. A chegada á gran cidade foi o máis emocionante. Esa primeira noite, ceamos todos xuntos e cada cousa que queríamos pedir era unha aventura, xa que nós non falabamos ese bo inglés que tedes hoxe en día.

Á mañá seguinte visitamos a nora máis grande de Europa; si, si, como escoitas, e fomos ver un musical: "The Lion King", baseado nunha película que viramos sendo aínda nenas. Visitamos tamén moitos museos que criamos que non nos ían gustar, pero confeso que estábamos equivocadas.

O único malo era que pola noite os pés estaban mazadiños de tanto camiñar. Ceabamos algo nun restaurante ou no propio albergue e para a cama.

O máis chamativo para nós foron as tendas, ¡ai!, as tendas!, era como estar nunha película. Había de todo e a todos os prezos. Non o esquecerei xamais.

Pero sen dúbida o máis importante foi que aprendemos a convivir todos xuntos, sobre todo as nove rapazas nunha minúscula habitación do albergue, onde non había sitio nin para as maletas, pero ó final iso foi o de menos.

Así que, nena, pásao ben na túa viaxe e non te peches a nada. Faille caso á túa avoa, só se pode opinar daquilo que se viu. Á volta xa nos contarás.



**4.º ESO (2011-2012),
as profesoras Isabel
Seoane e Leticia
Ogando e mais a
auxiliar de conversa
Gwendoyñ Martin
na nora London
Eye, na beira do
Támesis.**

Incubamos premios



VERÓNICA GONZÁLEZ

4.º ESO _____

O curso pasado tres grupos do IES Mugardos fixeron cadanseu traballo de estatística.

Un grupo de 2º da ESO fixo un traballo sobre “O consumo do tabaco nas familias”, no que se pretendía investigar se tiña relación o consumo do tabaco nos fogares cos resultados académicos obtidos polos alumnos.

Outro grupo de 2º realizou un traballo titulado “O réctangulo de moda fala galego”, co que se intentaba eliminar o mito do rectángulo áureo.

Por último, os alumnos de 3º da ESO, centramos o noso traballo nun tema próximo a esta zona: “A relación entre o tamaño das ameixas e o peso da vianda”.

Quedabamos a miúdo coa nosa profesora, Covadonga Rodríguez, para traballar os tres grupos xuntos na aula de informática. E despois dun longo traballo, por fin tiñamos as nosas investigacións listas para presentar no “II Concurso de Incubadora e Sondaxe de Experimentos”.

Cando entregamos os traballos non contabamos con gañar, pero ao final...

Unha mención especial para un grupo de 2º e o primeiro premio na categoría de 3º e 4º da ESO para os alumnos de 3º, que representarían a Galicia na fase nacional que se celebraría na Facultade de Ciencias

de Valladolid! Algúns dos alumnos do grupo de 3º xa gañaran o primeiro premio o ano anterior na categoría de 1º e 2º da ESO.

Polo tanto tivemos que ir a Santiago a buscar os premios. Un día de xuño fomos todos os gañadores coas nosas familias á Facultade de Matemáticas da USC. No bus, durante a viaxe, íamos todos moi nerviosos, pero cando estivemos na Aula Magna, os nervios xa foron a menos. E recibimos os premios. Logo, Isabel -irmá de Covadonga- amosounos a Facultade de Bioloxía da USC e o CIQUS.

Despois de xantar volvemos para Mugardos, pois esa tarde presentabamos o traballo no Acto Cultural do instituto.

En xullo os alumnos de 3º desprazámonos a Valladolid, onde tamén expuxemos o noso traballo. As encargadas de facelo fomos Blanca Fernández e eu. Na viaxe de volta tivemos algún problema co tren, pero ao final chegamos á casa sen maiores sustos.

A comezos deste curso tamén nos tocou ir expoñer o traballo a profesores (primeiro en Ferrol e logo en Santiago no congreso de ENCIGA), dos que recibimos varias felicitacións.

Sen dúbida foi unha experiencia para repetir, así que anímovos a todos a participar no “III Concurso de Incubadora de Sondaxes e Experimentos”.

O tamaño ideal das ameixas

O grupo de alumnos formado por Blanca Rodríguez, Verónica González, Pablo Pérez e Sergio Vila, coa axuda da directora do centro, Covadonga Rodríguez, realizamos este traballo de estatística. Pareceunos algo interesante para o noso estudo, xa que este molusco é moi coñecido na nosa zona pola súa calidade.

Primeiro tivemos que falar coa patroa maior da confraría de Mugardos. Ela convidounos a ver como recollían as ameixas e como as pesaban, e a asistir a unha poxa na casa do pescador. Foi unha experiencia moi interesante, posto que ningún de nos vivira o día a día das mariscadoras tan de preto.



Logo mercamos as nosas ameixas e puxémonos mans á obra. Quedamos dúas tardes no laboratorio de física e química do instituto para medir e pesar estes pequenos moluscos. Despois tivemos que pasar todas as medidas ao ordenador, aquilo era un lío de números.

O seguinte paso foi facer as gráficas nas que atopamos un pequeno problema, xa que nos saía un dato anómalo. Como non sabíamos a que podía ser debido, fomos falar un día pola mañá co biólogo da confraría e explicounos por que se producía. Cando tivemos as gráficas feitas, comezamos a redactar o informe.



Benvi@s a este espazo dedicado á Danza Oriental, Danza do Ventre.

Danza máxica, sublime, ancestral e milenaria, poder feminino na su máxima expresión, conexión coa Madre Terra e o Universo: Enerxía viva.

Rosa Fernández Salanova

Bailarina e profesora de danza oriental

ARUME MARTÍNEZ

1.º BAC.

Que é para ti o máis importante da danza do ventre? En que se diferencia doutras?

Todo é importante, pero destacaría fundamentalmente a creatividade, a fluidez dos movementos de ondulación, a enerxía dos movementos de vibración, a expresividade, a elegancia e a conexión coa natureza e o universo. Diferénciase das outras danzas nos movementos de disociación e polo tanto hai unha maior conexión corpo-mente chegando á nosa parte máis espiritual.

Cal é a parte máis importante da historia desta danza mística? E como se estendeu ata chegar ata nós?

É unha das danzas máis antigas que coñece a humanidade e xa se bailaba en rituais de fertilidade e templos sagrados. Estendeuse debido a que era e é unha danza máxica que chamaba moito a atención.

Que che chamou a atención para facerte mestra de danza do ventre? Como conseguiches chegar ata aquí? E que idade tiñas cando empezaches?

Comecei a bailala dende pequena e resultoume moi exótica, entón contactei cunha mestra de danza oriental para aprendela.

Cres que hai unha idade específica para practicar estes bailes?

Non, pode bailar xente de tódalas idades.

A que axuda a danza do ventre?

Dáche autoestima e fortalece a musculatura, especialmente a pélvica.

Coñeces a bailaríns que estean a altura mundial?

Si, Ana Saaeda.

Cantos anos levas practicando esta profesión?

Toda a vida bailando, pero como mestra 10 anos.

Pode compaxinarse ser mestra de



Rosa F. Salanova e unha alumna



danza con outras actividades?

Si, eu son pintora, poetisa e enfermeira, ademais de mestra.

Poderías dicirnos algunha páxina para os interesados/as en asistir a clases?

<http://rosadanza-shakti.blogspot.com/> e

<http://www.shakti-danza.es/>

Na última poderedes atopar fotos e vídeos.

Esta é a derradeira pregunta, os homes poden practicar esta danza? Décheslle clase a algún?

Por suposto, deille clase a dous homes. De feito hai bailaríns de fama mundial que son homes, como Tito Seil.

"Tres sombreros de copa"

EVA FERNÁNDEZ

4.º ESO

O xoves 31 de xaneiro os alumnos de 3º e 4º da ESO, acompañados dalgúns profesores, acercámonos en bus ó Colexio Lestonnac, en Caranza, para ver a obra de teatro Tres sombreros de Copa, unha comedia de Miguel Mihura, escrita en 1932 e estreada vinte anos despois, que está considerada como unha das obras mestras do teatro humorístico.

O texto orixinal ten máis personaxes e escenas das que vimos, pero de todas formas a adaptación que fixo a compañía resultou moi amena e entretida.

Esta obra, chea de elementos simbólicos, transcorre de madrugada nunha habitación dun hotel no que se aloxa don Dionisio, a véspera da súa boda. Alí coñece un mundo cheo de ledicia e auténtico ó que vai renunciar para integrarse nun sistema que no fondo detesta.

No escenario só había catro actores. Algún deles debía interpretar dous ou tres papeis para que puidesen dar vida a todos os personaxes. Ao rematar a actuación, os actores engadiron un pequeno concurso humorístico.

Na sala reunímonos con moitos outros institutos e colexios da zona. Estou segura de que todos eles gozaron da obra tanto coma nós.

PUBLICIDADE



Avenida Mugardos, 95
15624 ARES (A Coruña)
talleresasturgal@gmail.com
Teléfono: 981 468 149

Regreso aos pupitres do pasado

Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) en Santiago de Compostela

CRISTIAN RUBIANES

1.º ESO

O martes 15 de xaneiro, o alumnado de 1.º de ESO fomos de excursión a Santiago de Compostela. Visitamos o Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA).

De todos os obxectos que nos ensinaron o que máis nos chamou a atención foron os pupitres dunha escola antiga. Puidemos sentar neles e comprobar como estudaban na época dos nosos tataravós.

Os pupitres eran de madeira e viñan preparados para dúas persoas. Tiñan catro patas, dúas delas para suxeitar o banco incorporado, que podía ter respaldo ou non. Estes asentos tamén eran de madeira e uníanse ó pupitre através dunha serie de barrotes que estaban no chan e permitían poñer os pés.

O taboleiro da mesa estaba inclinado. Na cabeceira tiña uns buratos para colocar os



Cámaras dixitais nas mesas de madeira dos nosos tataravós.

tinteiros. Debaixo das mesas, descubrimos especie de tea.

unha especie de "pizarras" para escribir.

Tratábase de pequenas lousas de cor negra

nas cales se escribía cun xiz alongado e

fino. Para borrar empregaban unha

Na opinión de moitos compañeiros, os

pupitres de hoxe en día deberían de ter a

inclinación de antano porque así parece

máis doado escribir.

A ombreiros de xigantes

Unha mañá no Museo Nacional de Ciencia e Teconoloxía (MUNCYT) na Coruña

PABLO RODRÍGUEZ

2.º ESO

O martes 4 de outubro, os alumnos de 2.º, 3.º e 4.º ESO realizamos unha visita ao MUNCYT (Museo Nacional de Ciencia y Tecnología), situado na Coruña. Ao chegar dividíronnos en grupos para facer máis doada a visita.

O grupo no que eu ía dirixiuse primeiramente a ver a parte dos avións. Ensináronnos unha turbina enorme, dun Boeing 747. Puidemos entrar na cabina do Jumbo Lope de Vega, un dos avións máis grandes da historia. Nel transportouse o Guernica de Pablo Picasso.

Logo amosáronnos un exposición na que había máquinas de escribir compardas con cranios de animais. As primeiras seis letras dos teclados eran QWERTY.

En terceiro lugar visitamos a planta do Patrimonio na que había tubos fluorescentes inventados no último século. Da súa parede colgaban os cen investigadores e inventores máis



Nas adegas deste Jumbo (Boeing 747) transportouse o Guernica de Pablo Picasso.

importantes da historia.

A continuación vimos unha planta na que había unha pianola; a lámpada do faro da Torre de Hércules; un transportador de partículas; un cinexín, que era un xoguete que proxectaba imaxes de películas

infantís; o primeiro ordenador de España e

un tren de vapor para o uso agrícola.

Ao final da visita ensináronnos dous guías robóticos: Pepexán e Marilú, e de volta a Mugar dos cunha chea de cousas aprendidas.



Polinomios para todas as idades

O Campionato de Polinomios chegou este curso á súa XV edición con importantes novidades e acadou un notable éxito de participación. En total inscribíronse 60 xogadores e 14 axudantes e árbitros. Nin máis nin menos que un 37% do alumnado do centro.

As bases deste ano introduciron os equipos conxuntos de alumnos de 2º de bacharelato e 1º de ESO. Unha medida que cumpriu o obxectivo de integrar aos máis novos cos que máis experiencia teñen no centro e da que ambos saen beneficiados.

Outra novidade foi a desaparición paulativa da cor nas fichas consonte vai avanzando o campionato. Deste xeito na primeira fase empreganse fichas nas que cada parella ten cor diferente e só hai unha parella desa cor. Na segunda fase xógase con fichas nas que xa hai varias parella da mesma cor; e nas fases finais todas as pezas son da mesma cor.

Esta decisión, xunto coa posibilidade de empregar a "chuleta", agás nas partidas finais, supón unha axuda á hora de xogar. Ademais de traballar de forma amable e divertida os contidos

matemáticos, unha vez demostrouse que é unha ocasión estupenda de favorecer a convivencia e da participación no centro así como os valores da responsabilidade, a tolerancia, sentido crítico, esperanza, respecto, ilusión, xustiza, igualdade...

Finalistas

O equipo *Madame Curie* formado por Arume Martínez e Noelia Núñez disputou co equipo *Voltaire*, de Alejandro González e Diego Fernández, a emocionante final a tres partidas que rematou a favor das primeiras (10-2; 5-7; 10-2).

**EXPRESIÓNS ALXEBRAICAS
POLINOMIOS**

$x^2 + 2x + 1 = (x + 1)^2$

$a^2 - b^2 = (a + b) \cdot (a - b)$

$x^2 + x = (x + 1) \cdot x$

$(a - b)^2 = a^2 + b^2 - 2ab$

$x^2 - 1 = (x + 1) \cdot (x - 1)$

$x^2 - 5x + 6 = (x - 2) \cdot (x - 3)$

$a^2 + 2ab + b^2 = (a + b)^2$

$x^2 - x = x \cdot (x - 1)$


$x^2 + 1 = (x - i) \cdot (x + i)$

ECUACIONES

$x^2 - 1 = 0 \Rightarrow x = 1; x = -1$

$x^2 - 5x + 6 = 0 \Rightarrow x = 2; x = 3$

$x^2 + 1 = 0 \Rightarrow x = \pm \sqrt{-1}, x \notin \mathbb{R}$



Xoga con Polín

Segundo a avaliación final dos organizadores, o 82% dos participantes deste ano está disposto a participar nos vindeiros campionatos.

Mentres o departamento de Matemáticas xa está pensando na próxima edición, poñen a disposición de todos a versión electrónica do xogo. Pódese acceder ao xogo en rede a través da páxina web do instituto. Busca a Polín.

Éxito do Obradoiro de Iniciativas Empresariais

Gran participación e 1º premio no concurso Ferrolterra Emprende Xove

Xa desde o comezo do curso, a profesora do Obradoiro de Iniciativas Empresariais (3.º e 4.º ESO) falounos da posibilidade de participarmos nun concurso con premios ás mellores ideas innovadoras de negocio. A medida que foi pasando o tempo decidimos inscribirmos e comezamos a traballar por grupos ou individualmente no plan de empresa que debía estar listo para mediados do mes de marzo.

Unha vez entregado, tivemos que facer unha presentación no salón de actos, diante dos tres membros do xurado, Laura, Cristóbal e Óscar, que viñeron ata o instituto a coñecer os proxectos que presentamos.

O 5 de abril fomos ao Campus Universitario de Esteiro (Ferrol) e nun animado acto selección de finalistas e entrega de premios levamos a agradable sorpresa de recibir o primeiro premio. En realidade todos os participantes nos sentimos gañadores porque nos fixeron sentir orgullosos do traballo realizado e do valor das nosas ideas emprendedoras. Segundo as bases estes son os criterios de valoración fíxanse no grao de orixinalidade, creatividade e innovación; na viabilidade da IDEA; na relación con outros sectores produtivos; na sustentabilidade do negocio; na xeración de emprego; e o mercado.



Os autores dos proxectos coa profesora Carmen Meiriño na entrega dos premios

Das grandes ideas aos proxectos viables

Jack's Macy

Plan de empresa presentado por JAVIER MACEIRAS. Non é unha tenda de roupa normal, senon que é unha tenda de roupa de tallas grandes. Foi o gañador absoluto na categoría ESO destes premios.

Aforra bailando

Plan de empresa presentado por INÉS DÍAZ e GIOVANNA RIOBÓ. Baséase na colocación de placas recolectoras de enerxía cinética en zonas de baile para o aforro de electricidade.

Tubotel

Plan de empresa presentado por RAQUEL FERNÁNDEZ e NURIA PAZ. Trátase dun complexo de hoteles en forma de tubo feitos con formigón, que son máis baratos ca os hoteis normais.

Tenda disco-pub

Plan de empresa presentado por PABLO BERCIANO e SILVIA PERMUY. Local dividido en dúas salas. Unha de roupa de todas as idades e outra sala de bar convertible en discoteca.

PUBLICIDADE

Talleres RICO

Camiño Grande, 94
San Xoán de Piñeiro, Mugarbos

981 475 061



Perrucaría CAMELO

Porta do Sol, 1
Ares

981 448 421

Clases sen fume para unha vida sen tabaco

O alumnado de 2.º ESO participa nun programa-concurso para evitar o tabaquismo

PABLO RODRÍGUEZ

SERGIO PÉREZ

2.º ESO/ Programa de Mellora

En España a idade media de inicio no consumo de tabaco é 13,1 anos. Por iso en case toda Europa existe o concurso Clases sen fume para a prevención do tabaquismo dirixido a escolares de 12 a 14 anos de idade. Baséase no compromiso de toda a clase e o seu profesor de manterse sen fumar durante o curso escolar. Isto é moi doado, pero ademais realizamos unhas actividades creativas. Tamén recibimos a visita de Berta Tato, responsable do Sergas.

As tres mellores clases recibirán premios que consisten nunha actividade de multiaventura, aparellos electrónicos (MP3, cascos ...) ou unha entrada para cada participante ao "Aquadark".



“O cigarro contén máis de 4500 substancia daninas”

O tabaquismo é adición ao tabaco, consecuencia de enfermidades provocada principalmente por un dos relacionados co tabaco. 55.000 en España, o que supón o 16% de tódalas mortes. Segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde) cada ano máis de 4.900.000 persoas morren prematuramente no mundo como enfermidades cardiovasculares.

Cen quilos de solidariedade tapón a tapón

Os fondos irán destinados a "Alba, la promesa" a través de AS.PA.NE.MI

DAVID ROMERO

XURXO ROMERO

2.º ESO/ Programa de Mellora

O noso centro vén participando nos últimos cursos na recollida de tapóns de plástico destinados a unha causa solidaria.

Nesta campaña patrocinada por AS.PA.NE.MI pídense tapóns para recadar ata 100.000 euros. A súa finalidade é a colaboración na campaña de "Alba, la promesa" que procura fondos para a investigación dunha cura contra a enfermidade de Alba: ataxia-telaxinecisia.

Na comunidade galega existen case cincuenta puntos de recollida, a meirande parte na comarca de Ferrolterra. Na vila de Mugar dos hai cinco establecementos entre os que encontran o Concello e outros centros de ensino como a Unión Mugar desa.



A presidenta de AS.PA.NE.MI, Montse Fraga, e a avoa de Alba estiveron no centro para recoller os sacos cos tapóns recadados no instituto.

No instituto reciclamos nos primeiros meses do curso 67kg de tapóns. As previsións para final de curso rondan os cen quilos. Segundo os prezos do mercado, cada quilo véndese a uns 0,25 céntimos de euros.

Podedes seguir a marcha da campaña a través da conta da rede social facebook de Alba ou ben atopar moita información na páxina da ferrolá Asociación de Pais de Nenos Minusválidos.

Antes

Non está permitido ao alumnado o uso de móbiles e outros medios de gravación de voz ou imaxes en todo o recinto escolar. Estes dispositivos estarán gardados, desactivados e fóra da vista en todo momento. En casos excepcionais poderán ser utilizados coa aprobación e a supervisión dun profesor/a. Cando non se respecte esta norma producirase unha falta contraria ás normas de convivencia. O aparello poderá ser requisado e será devolto ao pais do propietario.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO



Agora

O uso dos dispositivos electrónicos no centro en ningún caso poderá supoñer unha agresión aos dereitos fundamentais das persoas. Deberá respectar sempre o dereito ao honor, á intimidade, á propia imaxe, ao secreto das comunicacións e á protección de datos. Calquera uso dos dispositivos electrónicos que vaia en contra destes dereitos será considerado como un acto contrario ás normas de convivencia que será sancionado debidamente. O uso de dispositivos electrónicos nas clases deberá ser autorizado polo profesor/a responsable.

Que pasa cos móbiles?

MIGUEL PEREIRA

ADÁN RIVERA

2.º ESO/ Programa de Mellora

O Consello Escolar aprobou o pasado 31 de xaneiro a proposta sobre o uso dos móbiles no IES Mugardos. A partir da modificación nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF), xa non existe a presión para ocultar o seu manexo durante os recreos, por exemplo. Pero ollo coas

fotos e as gravacións. Tamén segue a estar prohibido durante as clases se o profesor ou profesora non o permite para a realización dalgunha tarefa.

Como nos conta Rafael Lago, secretario do IES Mugardos, “os alumnos non ían preparados para a votación, o que non impediu que se aprobara a proposta”. O resultado foi de once votos a favor, cinco

en contra e ningunha abstención.

Nunha rápida enquisa realizada só en 2º ESO-B obtivemos que dous terzos deste grupo teñen móbil, pero só un terzo o trae ao instituto. De momento, esta porcentaxe parece que non aumentou. Iso si, o cambio parece gustar a todo o mundo, aínda que algún profesor manifestou a súa dúbida, da mesma forma que os pais.

Seareiros da cafetería

BORJA FERNÁNDEZ

FRAN REY

2.º ESO/ Programa de Mellora

Sindo e Carmen rexentan dende hai nove anos a cafetería, o lugar máis concorrido do centro, polo menos nos recreos. Gústalles o seu traballo e teñen moi boa relación co alumnado e con todo o centro en xeral.

Neste ano de crise afirman que as vendas baixaron. Tamén introduciron novos produtos como o pan-pizza cun prezo de 0,90 céntimos.

Sen embargo o bocata de tortilla é o produto estrela, cun prezo de 0,95 céntimos. Cada día cocían unha ducia de tortillas para as que veñen utilizando 750cl de ovos pausterizados.

A bollería industrial tráese cada dous días: collense tres palmeiras, catro palmeiras bolo, dúas cañas, dous triángulos e catro caixas de Donetes. A



Os servizos e prezos apróbanse no Consello Escolar.

parte están os croissants que se traense dez todos os días e catro dos pequenos. Por último, saen acotío entre quince e vinte anacos de follado. En cambio a froita vendese moi pouco.

PREZOS CAFETERÍA:	
BOCADILLOS	
▪ LOMBO E QUEIXO.....	0,85€
▪ LOMBO SÓ.....	0,85€
▪ BACON E QUEIXO.....	0,85€
▪ BACON SÓ.....	0,85€
▪ TORTILLA.....	0,95€
▪ CHOURIZO SÓ.....	0,85€
▪ CHOURIZO E QUEIXO.....	0,85€
▪ GRANDES TORTILLA.....	1,40€
▪ GRANDES DE LOMBO.....	1,30€
▪ PINCHOS TORTILLA... (mitade bocadillo pequeno).....	0,45€
▪ PINCHOS lombo, chourizo, bacon etc.....	0,40€
▪ HOXDRE (xamón e queixo).....	0,70€
CAFÉS E INFUSIONS:	
▪ CAFÉ CON LEITE ,CORTADO E SÓ.....	0,95€
▪ CAFÉ DOBRE.....	1,00€
▪ COLA CAO.....	1,00€
BEBIDAS E REFRESCOS:	
▪ COCA-COLA, KAS, PEPSI, 7UP.....	1,00€
▪ AQUARIUS, NESTEA.....	1,00€
▪ AUGA 33cl.....	0,60€
▪ AUGA de 500cl.....	0,65€
▪ ZUMES PASCUAL.....	0,80€
▪ ZUMES MELOCOTON, PIÑA.....	0,60€
▪ BATIDO CHOCOLATE.....	0,60€
BOLERÍA:	
▪ CROASANT grande panadería.....	0,80€
▪ CROASANT pequeno panadería.....	0,35€
▪ PALMEIRAS, CAÑAS etc.....	industrial. marca o proveedor.

Aínda que non o pareza, o setenta por cento dos profesores son clientes habituais da cafetería. Toman maiormente cafés con leite, algúns follados, pinchos e, eles tamén, chicles.



Das aulas á auga

Unha vintena de alumnos practica deportes de remo

ALBERTO PÉREZ

2.º ESO

Segundo os datos do Premio Estudo e Deporte deste ano, cerca de vinte alumnos do instituto adestran en ambos os clubs de remo de Mugardos e mais de Ares. O maioritario segue a ser o fútbol, pero o remo avanza con forza entre os máis novos da ESO.

A opinión entre todos os consultados coincide en que os clubs son unha boa oportunidade de coñecer xente, afianzar as amizades, viaxar e, sobre todo, disfrutar facendo deporte. Para moitos tamén é unha oportunidade de saír na televisión e na prensa.



Homenaxe aos históricos do Club do Mar

Naceu como un pequeno club de remo polo que poucos apostaban. Fundouse como tal no ano 1963, pero antes xa funcionaba como Asociación de Pescadores de Mugardos. Ao longo da súa historia foi escalando postos e agora ten unhas espléndidas tripulacións de traíñas e uns moi bos bateles de xuvenis, alevíns e cadetes.

Este ano celebrese unha homenaxe ás figuras históricas do remo en Mugardos. Entre os grandes nomes propios do club están Luís Dieste Bastida e Gabriel Sánchez Fernández, en recoñecemento á súa adicación, esforzo e traballo na

Sociedade, fomentando o deporte, a cultura e as tradicións no noso pobo.

Juan Carnero Domenech, e Álvaro González García, en lembranza dos Campionatos de España de Bateis acadados no ano 1963 e 1966.

Pedro Cortizas Teijeiro, Juan Cartelle Roca e Antonio Pereira Rodríguez, en lembranza do Campionato de España de Bateis acadado no ano 1963.

Juan Alfonso Prados Maceiras, Juan Robatto Espiñeira, e Plácido Martínez Martínez, en lembranza do Campionato de España de Bateis conseguido no ano 1966.



Guillermo Pereira

Presidente e adestrador

"Estou moi orgullo do traballo de todo o club"

Cantos anos leva no club de remo de Mugardos?

Pois levo dende 1983, polo tanto 30 anos.

E de presidente deste?

Dende o 2010.

O edificio do club estivo sempre no mesmo sitio?

Non, tamen estivo a carón da fonte do peirao de Mugardos.

Pretendemos facer un novo edificio. O actual é moi vello pero pola falta de fondos non é posíbel.

Cantas remeiros e remeiras pasaron por aquí ao longo da historia do club?

Uns 2.000 remeiros/as.

Cando empezaron as mulleres a entrenar neste club?

En 1970.

E a competir?

En 1991 ou máis tarde.

En que consisten os adestramentos dos alevíns?

En aprender a remar con esforzo pero xogando. Aínda que este é un club serio hai que decatarse de que son nenos.

Como ves a liga de bateis?

Complicada, o nivel dos outros clubs da zona é moi alto. A liga é moi intensa, pero estou moi orgulloso dos nosos remeiros e do traballo dos adestradores.

Como ves o futuro do club?

Ben coa colaboración de todos.



Estuda e deporte

CURSO 2011-2012

1º PREMIO

Categoría	Premiado/a	Entidade	Puntuación
ESO 1-2	Vázquez Rumbo, Sara	Kárate Narón	17,37
ESO 1-2	Moreira dos Santos, Joao Pedro	SDC Galicia de Mugar dos	17,67
ESO 3-4	Vázquez Callejón, Nerea	Club de Remo Ares	13,53
ESO 3-4	Nóvoa Menaya, Andrés	SDR Numancia de Ares	15,78
BAC	Fernández Sanjurjo, Sheila	Club de Remo Ares	16,83
BAC	Cendán Sánchez, Javier	Kárate Ares	17,45

MENCIONES

Categoría	Premiado/a	Entidade	Puntuación
ESO 1-2	López Otero, Marica	Club do Mar de Mugar dos	17,1
ESO 1-2	Brage Rivera, Gerardo	Kárate, EKF	16,77
ESO 1-2	López Pena, Jorge	SDC Galicia de Mugar dos	16,92
ESO 1-2	Pérez Sánchez, Antón	SDC Galicia de Mugar dos	17,37
ESO 1-2	Romero Pravia, David	Club do Mar de Mugar dos	16,61
ESO 3-4	Vila Iglesias, David	SDC Galicia de Mugar dos	15,47
BAC	Maroño Fontenla, Nicole	Club de Remo Ares	16,61
BAC	Fernández Ocampo, Quique	SDC Galicia de Caranza	16,8
BAC	García López, Álvaro	SDC Galicia de Mugar dos	16,77
BAC	Rey Pozueco, Pepe	SDR Numancia de Ares	16,83



25 anos de ensino público en Mugardos

Aniversario de altura

A conmemoración inclúe un intenso programa de actividades

CRISTINA GARCÍA
JUDITH RODRÍGUEZ

2.º ESO (Programa de mellora)

Estas son algunhas das actividades que se puxeron en marcha para celebrar os primeiros vinte e cinco anos de existencia do instituto:

Grupo de Traballo "Materiais para a nosa historia". Un grupo de profesores dirixidos polo departamento de Historia traballou sobre a recopilación de datos sobre o centro. Co alumnado realizaron gravacións e recolleron testemuños a persoas que pasaron polo instituto.

Deseño de logotipo e outros elementos. Na aula de plástica traballouse ao longo do curso na creación do logotipo e o deseño de materiais gráficos como a carátula do CD, invitacións, elementos decorativos, etc.

Intercambio cultural co IES Fraga do Eume. O club de lectura realizou un acto de irmanamento coa biblioteca do instituto eumés onde tivo a primeira ubicación o noso centro.

Catalogación da colección de cunchas doada polo profesor Edmundo López. Varias alumnas do Programa de Mellora traballaron na ordenación das cunchas procedentes de case todas as partes do mundo.

XV Campionato de Polinomios. O departamento de Matemáticas recuperou este torneo con gran éxito de participación.

"A educación ao longo da historia". Foi o asunto elixido no Proxecto Interdisciplinar de 1.º ESO.



Acto cultural e gran festa de fin de curso

Para finais de curso están previstas dúas celebracións. Por unha banda o Acto Cultural para o derradeiro día, o venres, 21 de xuño. Ademais dos discursos oficiais, entregaranse os Premios Estudo e Deporte.

O sábado, 22 de xuño, pola mañá, será unha xornada de portas abertas

que rematará cun gran xantar de churrascada organizada pola ANPA. Están invitados a participar todos os membros da comunidade educativa: familias, alumnado, profesorado, persoal non docente e, especialmente, todos os antigos alumnos e alumnas que desexen reencontrarse no instituto.

Gravación dun disco homenaxe

A Aula de Música converteuse no mes de xaneiro nun estudo de gravación. Coa dirección do técnico de son Juan Cartelle e a profesora Olga Cabalar, seis grupos gravaron os temas compostos integramente por eles mesmos e que con anterioridade foran estreados no Salon de Actos.

O resultado é o CD *25 anos cantando* que saíu á venda no mes de xuño.



Covadonga Rodríguez-Moldes Rey

Directora e profesora de matemáticas do IES de Mugardos

"Necesitamos confianza nos profesores e compromiso persoal co estudo"

ADRIANA FIGUEROA
AINOA PLATAS

2.º ESO/ Programa de Mellora

Gústache o teu posto de traballo?

Gústame moitísimo traballar aquí. Lévoo con alegría porque é un pracer. Existe un cadro de profesores marabilloso cun tratamento moi cordial e un alumnado, sen problemas serios, que saben que o sorriso é o máis importante.

Canto tempo sacas da túa vida persoal para dirixir o centro?

Pois téñoo na miña cabeza as 24 horas. Ata soño con el. Ocúpame bastante tempo pero non o considero unha carga.

Estás orgullosa do alumnado?

Estou moi orgullosa. Non hai casos de vandalismo, abusos nin se comportan mal co profesorado. A gran xeralidade de alumnos é estupenda.

Cres que teñen a motivación necesaria?

Iso é un problema, porque, como persoas son moi boas, pero deben esforzarse máis como estudantes. O compromiso co estudo non é o adecuado. É coma se o deixasen para outro día que nunca chega.

Sínteste querida por eles?

Respetada sí, pero non podo ser a persoa máis querida porque me toca reñir moito. O que lles recomendo é que sempre aspiren a dar todo o que teñen dentro, poñerse metas e alcanzalas.

E polos pais e nais dos alumnos?

Ademais de mostrar afecto, é necesario que crean e confíen nos profesores. Todos nós queremos que os nenos saian adiante o mellor posible.

Planteácheste algunha vez deixar a dirección ou deixar este centro?

Non vou seguir moito como directora porque é necesario que se renove o cargo da dirección, que entre alguén que lle dea forza e novas ideas ao centro. Aínda que algunha outra praza puido xurdir como axudante na universidade, seguirei como profesora neste instituto polo menos cinco anos máis.



Covadonga dirixiu o instituto durante quince cursos, en dúas etapas diferentes

"As matemáticas influíron moito na miña vida"

Como chegaches a estudar matemáticas?

Cando eu ía ao instituto o que máis me gustaba era o deporte. Pero daquela aínda non existía o INEF. Entón dirixínome á carreira de matemáticas que influíu moitísimo na miña vida.

As matemáticas axúdanche a entrenar a forma de pensar aínda que o seu estudo sexa difícil de compartir. Eu fun moi feliz como nai porque a miñas fillas me contaba o que aprendía nas súas carreiras. Pero antes eu non sabía como contarlles aos meus pais o misterio, o segredo dos números, os teoremas, a álgebra....

Paréceche un traballo difícil?

É difícil, pero é o traballo máis bonito do mundo. Resulta marabilloso entrar no instituto e o único que ves son caras

de rapaces e rapazas con sorrisos. En ningún outro traballo ocorre iso.

As matemáticas teñen moito encanto, pero recoñezo que ás veces si que resultan complicadas. Por exemplo, resulta difícil entender o significado de infinito ou como un número periódico pode converterse en fracción. Tamén é difícil adaptarse a cada un dos niveis, pero hai que sacarlles o que ten de aventura.

Qué parte das matemáticas che gustan máis?

Eu penso que a parte máis divertida das matemáticas é a xeometría porque permite investigar o entorno, case tocalo. Podemos descubrir aspectos da realidade sorprendentes, como a cuarta dimensión, ou cousas que facemos aquí como tensión, rodas triangulares, hipercubos, etcétera.



Vinte e cinco anos
2.º ESO-A

Vinte e cinco anos aquí
no IES de Mugardos
ensinando a carón de ti.

Onde eu aprendín
a soñar cun futuro mellor,
coa axuda dun profesor
poderei chagar a un bo fin.

Vinte e cinco anos aquí
no IES de Mugardos
ensinando a carón de ti.

Gústanos aprender
e tamén gústanos disfrutar
na biblioteca estudar
e os nosos bocatas comer.

Vinte e cinco anos aquí
no IES de Mugardos
ensinando a carón de ti.

Dende os meus pais a min
ata outra xeración chegará,
no centro estudará
dando galego con Serafín.

Vinte e cinco anos aquí
no IES de Mugardos
ensinando a carón de ti.

Onde eu aprendín
a soñar cun futuro mellor,
coa axuda dun profesor
poderei chegar a un bo fin.



O tempo pasou
2.º ESO-B

Xa pasaron, xa pasaron
vinte e cinco anos;
houbo nenos, houbo nenas
por aquí e aló.

O tempo pasou
e as persoas con el
feliz cumpreanos
IES Mugardos.

Xa pasaron, xa pasaron
vinte e cinco anos;
houbo nenos, houbo nenas
por aquí e aló.

O tempo marchou
rapaces tamén
leva tantos anos,
funciona moi ben.

Xa pasaron, xa pasaron
vinte e cinco anos;
houbo nenos, houbo nenas
por aquí e aló.

Seixo, Ares, Franza
vimos de alá
xuntos convivimos
contentos de estar.

Xa pasaron, xa pasaron
vinte e cinco anos;
houbo nenos, houbo nenas
por aquí e aló.

Cos profesores
vimos aprender
e coa súa ensinanza
nós imos crecer.



Vinte e cinco aniversario
3.º ESO-B

Celebramos en Mugardos
cunha festa de postín
o vinte e cinco aniversario
do centro cun gran festín.

Hai un centro en Mugardos
con vista a unha ría
e chegamos atontados
pola falta de durmir.

Celebramos en Mugardos
cunha festa de postín
o vinte e cinco aniversario
do centro cun gran festín.

Os nosos pais xa fai tempo
que estiveron por aquí
e todos nós compartimos
a lembranza de vir.

Celebramos en Mugardos
cunha festa de postín
o vinte e cinco aniversario
do centro cun gran festín.

O estudo neste centro
é moi fácil prós que estudan
se estudas día a día
levarás unha alegría.

Celebramos en Mugardos
cunha festa de postín
o vinte e cinco aniversario
do centro cun gran festín.

Xa van vinte e cinco anos
de ensinar e formar
e os alumnos que pasaron
non o poden olvidar.



Todo este tempo
1.º BAC

Todos xuntos estamos aquí
vinte e cinco anos mirádeos aí,
indo cara atrás no tempo
cantaremos así.

Vén dun tempo máis alá da razón
deses grises muros atrás
faremos esta canción.
Todos xuntos estamos aquí
vinte e cinco anos mirádeos aí,
indo cara atrás no tempo
cantaremos así.

Como pasa o tempo!
Son miles de lembranzas
que non leva o vento
e o tempo torna en alabanzas.
Son miles de lembranzas
que non leva o vento
e o tempo torna en alabanzas.

Sindo na cafetería
entre pinchos e cafés
ten o monopolio da comida
cando porá téis?

Desde Pontedeume a Mugardos
con moita axuda comezou
e despois de 25 anos
esta canción comezou.
Dende as clases vese a ría,
a natureza, a paisaxe,
o valor da ensinanza.

Desde Pontedeume a Mugardos
con moita axuda comezou
e despois de 25 anos
esta canción comezou.
Todos xuntos estamos aquí
(...)



Xa van 25 anos
4.º ESO

Todo o tempo que pasamos
os amigos que collemos
chorarei cando me marche
pero pronto nos veremos.

Xa van vinte e cinco anos
e témolo que celebrar
ó instituto de Mugardos
nós imos conmemorar.

Os recordos que aquí deixo
para as novas xeracións
serán moitas as persoas
que o sintan de corazón.

Xa van vinte e cinco anos
e témolo que celebrar
ó instituto de Mugardos
nós imos conmemorar.

Xa son vinte e cinco anos
que rápido pasa o tempo!
Moitas veces estudamos
e os profes están contentos.

Xa van vinte e cinco anos
e témolo que celebrar
ó instituto de Mugardos
nós imos conmemorar.

Convivimos todos xuntos
resolvemos os asuntos
e a pesar dos malos tempos
quedamos sempre contentos.



Construíndo ilusión
3.º ESO-A

Xentes que veñen, xentes que se van.
Os que están hoxe aquí pronto sairán.
Xentes que veñen, xentes que se van.
Lembrando estes tempos mañá chorarán.

Traballando con corazón,
vinte e cinco anos construíndo ilusión.

De pais a fillos, de irmáns a irmáns,
o centro que eu vivín, igual estará.
De pais a fillos, de irmáns a irmáns
con contos e historias aquí medrarán.

Traballando con corazón,
vinte e cinco anos construíndo ilusión.

Cada recuncho e cada rincón
o pouco que eu marquei, verano os demais.
Cada recuncho e cada rincón
os que virán mañá marcarano máis.

Traballando con corazón,
vinte e cinco anos construíndo ilusión.

Vendo Mugardos cambiar e cambiar
crecendo desde aquí ata o máis alá.
Vendo Mugardos cambiar e cambiar
oíndo cantar o vento e o mar.

Traballando con corazón,
vinte e cinco anos construíndo ilusión.

Tras tanto tempo, tras tanta ilusión
soños que saen de aquí, lonxe chegarán.

Tras tanto tempo, tras tanta ilusión
dentro do corazón sempre quedarán.

Amizades na Limia

Xornada de convivencia e inmersión lingüística

DELIA RODRÍGUEZ

4.º ESO

O curso pasado, aproximadamente en maio, os alumnos que estabamos en 3º da ESO fomos visitar Xinzo de Limia, en Ourense. O obxectivo da visita era que os alumnos de Mugarbos compartindo un día enteiro cos alumnos dun instituto de Xinzo viramos coma noutros sitios de Galicia os rapaces da nosa idade son galego falantes.

Cando chegamos, a primeira impresión foi boa, aínda que custou un pouco comezar a relacionarse cos outros alumnos, xa que nos mostrabamos todos moi vergonzosos. Cada persoa estaba contenta coa súa “parella” de viaxe, xa que antes desta, cada alumno establecera contacto co seu correspondente limiao a través primeiro do correo ordinario e despois da internet. Falar con eles en galego pareceunos moi divertido e aprobeitable.

Primeiro, visitamos Allariz. Este sitio gustounos moito. Alí vimos a natureza e explicáronnos un pouco a historia da vila. Despois dirixímonos cara a Xinzo.

No tempo libre que nos deixaron para relacionarnos cos outros adolescentes, paseando polas rúas de Xinzo, descubrimos que á parte de moi boa xente, é un lugar digno de visitar, xa que é bonito e está a medio camiño entre unha cidade e a vila na que nós vivimos.

O máis coñecido de Xinzo de Limia é o Entroido. Alí celébrase dunha maneira moi especial e única. Explicáronnos o que son as “pantallas”, un disfraz típico daquela zona, ou máis ben o símbolo, no que a vestimenta se considera incompleta sen as vexigas, que se repoñen cada vez que rompen. As “pantallas” visten camisa e calzón brancos, capa



Ambos os grupos de Xinzo e Mugarbos no mosteiro de Trandeiros

vermella ou negra, pano (case sempre vermello), polainas negras e zapatos negros. Tamén levan na cintura unhas campaiñas, postas nunha cinta vermella.

Despois de todo isto, convidáronnos a comer no seu instituto, cuns pratos moi saborosos e clásicos. O xantar tamén serviu para relacionarse e contar un pouco a vida de cada un, é dicir, coñecerse un pouco máis.

Ao rematar o xantar, fomos a outros sitios situados no alto desde os que se podía ver a vila enteira. Tivemos sorte de que o bo tempo tamén nos acompañou.

A ninguén lle gustou a despedida, pero non quedaba máis remedio que volver. Agora queda a lembranza deles, xunto coas fotos que compartimos. Tamén hai que dicir que esta saída tivo moi bo resultado, xa que alí ninguén parou de falar galego, e agora nas clases de Lingua Galega non costa tanto utilizalo e empregalo en cada comentario.

Aínda que xa pasara un curso enteiro,

a maioría seguimos tendo contacto con eles, sexa por redes sociais ou polo móbil. Agora estamos a esperar, a ver se poden vir a visitarnos pronto e ensinarlles como é a nosa vila e arredores. A dicir verdade, foi moi boa experiencia, e non dubidaría en volver a facela. Estou desexando que veñan!



Destino Barcelona

Excursión de fin de curso por terras catalás

VERÓNICA GONZÁLEZ

4.º ESO

Este curso os alumnos de 4º ESO fomos de excursión de fin de curso a Barcelona, acompañados de dous profesores: Manuel Pousa e Serafín Álvarez.

Sáimos dos instituto o venres 17 de maio pola noite. A viaxe foi en bus, co cal chegamos ao cámping, situado en Torre de la Mora, Tarragona, ao día seguinte pola mañá.

Nada máis chegar, deixamos as maletas e démonos un baño na piscina. Ese día pola tarde tocaban dúas actividades bastante duras: paintball e tirolina. Algúns tiñan medo a probar algunha delas, pero ao final pasámolo xenial.

O segundo día tocaba visitar a cidade de Barcelona e comezamos polo Parc Guell, unha parque deseñado por Gaudí que a todos nos chamou a atención. Máis tarde fomos ao Parque da Ciutadella, onde algúns montamos nunhas barcas que había nun gran estanque.

Xa pola tarde, seguimos vendo a cidade e ás seis da tarde emprendemos camiño cara ao museo de ciencias CosmoCaixa. Aí rematou a xornada.

O luns era o día que todos nós estabamos a esperar, pois tocaba ir a Port Aventura. Botamos alí todo o día, e todos montamos en algo. Pero nalgunhas atraccións: dragon khan, furius baco, caída libre, shambala, etc., só montaron os máis atrevidos.

Cando chegamos ao cámping estabamos bastante cansos. Polo tanto ese día decidimos ir cedo a durmir, pois ao día seguinte, tiñamos que acabar de ver a cidade de Barcelona.

O martes pola mañá visitamos a Sagrada Familia. Todos quedamos abraiados, pois non esperabamos un interior tan moderno para ser unha igrexa. Cando rematamos a visita collemos o metro que nos levou ata a



Vinte alumnos e alumas de 4.º ESO visitaron os lugares máis coñecidos da cidade condal como o Park Güel ou a Sagrada Familia e, ademais, pasaron unha xornada en Port Aventura.

praza de Cataluña. Demos unha volta pola Rambla Catalana e sobre as tres e media collemos o bus para ir visitar o Camp Nou.

Cando entramos no museo chamounos a atención ver tantos trofeos, pero o que máis nos impresionou foi cando saímos ao campo e vimos un estadio tan grande.

Os que son do Barcelona quedaron abraiados, pero aos do Madrid tamén lles gustou.

O último día erguémonos cedo, xa que ás nove emprendíamos o camiño de volta.

Foi unha viaxe corta, pero da que todos viñemos moi contentos, sobre todo pola boa relación cos profesores.

My Experience at IES Mugardos

SARAH KIEWLICZ

When I first received my placement at IES Mugardos I was surprised, excited, and nervous. Galicia was not a region I had requested, but I was excited to be moving to Spain and for the opportunity to experience a new part of the country. It was scary thinking about leaving all of my family and friends behind, and moving to a place where I didn't know anybody. Before I had the chance to worry I received an email from Pilar. She gave me advice on where to live and told me all about the school, professors, and students at IES Mugardos. I felt much more at ease and was ready to start my journey.

I arrived in Galicia just in time to enjoy the last part of "summer" weather. Little did I know at the time that I had 6 months of constant rain ahead of me. Despite the weather Galicia has become a second home. I was welcomed to IES Mugardos with open arms and have enjoyed working so closely with the other professors and the students. It was definitely a culture shock for me when I arrived at the school. The Spanish school system is very different from the U.S. school system and it took a while to learn the ropes. I am so thankful for all the support I received from my fellow professors as I adjusted to a new culture and a new way of educating students. The biggest challenge I faced this year was trying to find new and exciting ways to teach the students. The level of English is lower than I had expected, which made it difficult to try to inspire my students to learn. IES Mugardos has great students, and it has been a pleasure getting to know many of them over the course of the school year. We have shared laughs, disappointments, and I have worked to debunk typical stereotypes about Americans and the United States. I loved being able to answer questions and talk about my country, while also learning so much about Galicia.

I have made incredible memories here at IES Mugardos with the students and the staff.



I will fondly remember all the conversations I had with my coworkers in the canteen over coffee and in the staff room. It amazed me how willing everyone was to talk with me about Galicia and all of the things I needed to do and see before my departure. I have also loved spending time with the students both inside and outside of the classroom. I was lucky to be able to walk a portion of the Camino de Santiago with the students of Bachillerato and to explore Santiago de Compostela on the Art History field trip. My time spent at IES Mugardos has been amazing and I am sad to have to say goodbye. I have learned so much through this experience and my only regret is that I do not have more time. I will miss walking through the halls and being greeted by smiling faces and "hellos" from the students and teachers. I will never forget my time spent at IES Mugardos and, although I will not be teaching next year, I can say with absolute certainty that I will be back to visit as soon as possible.

**Portugal**

Poboación: 10.566.212

Brasil

Poboación (Posto 5º) 189.985.135

Cabo VerdePoboación:
418.224 (2005 est.)**Guiné Bissau**

Poboación: 1.413.446

Angola

Poboación: 10.978.552

Moçambique

Poboación: 19.406.703

Macau

Poboación: 544.600

Timor Leste

Poboación 1.062.777

Sao Tomé e Príncipe

Poboación: 193.413

Países de lingua portuguesa

ZOE RIVERA

ALBA LAMAS

1.º BAC

Lusofonía. Esta é a palabra que podería responder a todas ás nosas dúbidas sobre a lingua galega. Moitas veces pensamos que o noso idioma non serve para nada fóra da nosa terra, pero a definición deste termo demostranos que o galego pode sernos moi útil e valioso en catro dos cinco continentes: Europa, Asia, América e África.

Por lusofonía enténdese o conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Macao, Timor Oriental e Santo Tomé e Príncipe. Galicia únese a este termo, a lusofonía, debido

á orixe común dos dous idiomas e á posibilidade de entendemento entre os falantes de ambas as linguas, malia as diferenzas fonéticas e léxicas actuais.

Tendo isto en conta podemos observar que co galego podemos acceder á literatura de todos estes países sen ter que recorrer á tradución e que nos coloca nunha posición de vantaxe á hora de procurar un traballo en calquera destes lugares ou en países que sen ter o portugués como lingua oficial tamén o falan, como poden ser Guinea Ecuatorial, Uruguay, Arxentina, Zambia ou Namibia..., ou en empresas que

comercian con eses países. Hoxe en día o número de falantes de portugués é de preto de 220 millóns. Isto é, é unha das linguas máis faladas do mundo. Nestes momentos ocupa o sexto lugar despois do mandarín, español, inglés, hindi e árabe.

Estes datos deberíannos levar a unha reflexión sobre a utilidade do noso idioma e a valoralo na súa xusta medida en vez de menosprezalo e esquecelo.

Para que poidades comprobar como nos podemos entender nalgúns destes puntos tan dispares do planeta grazas ao galego, achegámosvos uns cantos enlaces das televisións deses países.

<http://www.youtube.com/watch?v=5UhNKBiMxao>

<http://www.youtube.com/watch?v=BZ-4uZiyHzc>

<http://portugues.tdm.com.mo/pvideo.php?vid=10637>

Recomendación musical

MARINHO PORTERO



Novas músicas non tan novas

Aproveitando o artigo sobre os países lusófonos, a recomendación musical dirixe a súa mirada cara ao Brasil e cara a un grupo bastante novo: **Violator**. O seu primeiro disco de estudio, *Chemical Assault* saíu no ano 2006, cando aínda eran pouco coñecidos. A partir de aí, souberon gañar unha fama e un recoñecemento, na miña opinión, merecidos.

Violator, xunto con outros grupos coma Municipal Waste ou Angelus Apatrida, están poñendo sobre a mesa moi bo thrash, thrash da vella escola, aínda que con personalidade propia, que pouco ten que envexar ás primeiras bandas oitenteiras que pariron esta música.

O grupo brasileiro destaca pola velocidade, condición sine qua non deste xénero. Ao igual que a denuncia social nas letras, a mala hostia, aínda que ás veces implícita e, por suposto, festa e outras alicientes. Para ter unha idea de como soan, eu diría que parecido á coñecida banda estadounidense Overkill.

Para escoitar algo: <http://www.youtube.com/watch?v=CWTn2o5V6h8>

Un plan para a mellora da biblioteca



Formación de usuarios e outras actividades

É unha biblioteca moi visitada e con moita vida nos recreos. Os usuarios fórmanse no curso de 1º de ESO, cando chegan ao centro, para poder ser autónomos á hora de utilizar os seus recursos.

Ao longo do curso lévanse a cabo diferentes actividades como a do Samaín onde, colaborando co Equipo de Dinamización Lingüística, se fixo unha exposición sobre a Santa Compañía nunha biblioteca ambientada para a ocasión. O Día Internacional da Palabra os alumnos de 1º de ESO encheron globos e recortaron aliñas onde escribiron as palabras que a eles máis lles gustaban.

O Día do Libro colocouse un gran mapamundi sobre o cal un grupiño de alumnos de 4º de ESO e 1º de Bacharelato situou, no punto xeográfico correspondente, etiquetas con títulos e autores de obras cuxa acción transcorre neses lugares, porque... **TODO ESTÁ NOS LIBROS**.

E sobre esa idea, elaborouse un fermoso vídeo no que dous alumnos de Música puxeron voz e música ao poema de Munárriz: “Todo está en los libros” e que podesdes atopar no Facebook do centro.

Celebráronse, desde o mes de febreiro, cinco sorteos sobre palabras repartidas pola biblioteca onde se premiaba ao posuidor/a das palabras que se correspondesen coas definicións expostas no taboleiro nas datas establecidas. Un “lotopalabra” que repartiu premios en forma de consumicións na cafetería.

E tamén se trocaron libros nunha actividade que empezou no mes de maio e chegará ata finais de curso, porque é divertido e interesante aumentar os nosos fondos dun xeito tan barato.

A nosa biblioteca incorporouse ao Plan de Mellora da Biblioteca (PLAMBE) no curso 2011-2012 e desde entón leva experimentada unha importante transformación estética. Durante este curso cambiáronse a metade dos andeis e substituíronse as mesas.

Coa biblioteca patas arriba por mor da mellora de estanterías, o CL1 (Club de Lectura de 1.º e 2.º ESO) despediuse dos cabezudos que durante moitos anos presidiron a sala de lectura.

Aquí, rodeados e libros lembran o "Le ou multiplicate por cero" con quen Bart nos segue a dar a benvinda na porta da biblioteca.



Lecturas que unen

Irmandade coa biblioteca do IES Fraga do Eume



Tras a xuntanza xantamos co novelista e historiador Carlos de Castro

A mañá do luns 29 de maio o Club de Lectura participou en Pontedeume no acto de confraternización coa biblioteca do IES Fraga do Eume dentro dos actos de conmemoración do 25º aniversario de ambos os centros. A visita comezou cunha conferencia de Carlos de Castro Álvarez, autor da novela *La casa de la linterna*.

Deste xeito puidemos descubrir o punto de partida da obra na fascinación do autor polas casas abandonadas; ver as

fotos de Pontedeume dos anos 40; atender os seus comentarios como historiador; e interrogalo sobre as peripecias dos personaxes e o seu desenlace. Ademais, a continuación visitamos os lugares polos que transcorre esta obra lida e comentada para a ocasión polo alumnado asistente.

A mañá rematou cun magnífico xantar ofrecido na Escola de Hostelería do instituto anfitrión.



Novela policíaca sen policías

Esta obra, que se converteu nun auténtico bestseller da comarca, é unha novela xuvenil de xénero histórico, ambientada na vila do Eume no ano 1945. A trama non renuncia a introducir boas doses de intriga co pano de fondo da represión e axustes de contas da posguerra.

CARLOS DE CASTRO ÁLVAREZ
La casa de la linterna
Editorial Espino Albar, 2010

PUBLICIDADE



ANPA "O Castro"
IES de Mugardos

Asóciate

Pedimos que vos fagades socios para promover a representación dos pais na xestión do centro, facilitar a representación das familias no Consello Escolar, colaborar nas actividades educativas escolares e extraescolares e conseguir subvencións para financiarlas.

Raquel Díaz Garrote

Bedel, membro do Club de Lectura e ex—alumna



“Gústame as novelas de asasinatos”

PABLO RAÑALES
ALBERTO PÉREZ
MIGUEL PEREIRA
2.º ESO/ Club de lectura

Que libros adoitas ler?

De todo tipo. Gústame a variedade. Leo de todo un pouco. Teatro e poesía non leo moito, a verdade. Sobre todo a narrativa e as tramas de intriga son as que máis me gustan.

Cal é o teu libro ou autor favorito?

Un dos últimos que me gustou moito foi a saga Millenium. En xeral os tres volumes, pero en especial o primeiro El hombre que no amaba a las mujeres. En canto á autora, unha das miñas favoritas é a novelista Camilla Läckberg que tamén escribe nesta liña de asasinatos e investigacións policiais.

Na túa época de estudante, que opinabas dos libros de lectura obrigatoria?

A verdade é que naquela época non tiña moita paixón pola lectura. Normalmente os libros que mandaban non me soían gustar.

Cres que antes se lía máis no instituto?

Polo que eu vexo, agora ledes máis. Incluso existen clubs de lectura. Antes liamos pouco menos que o imprescindible, os obrigatorios e pouco máis.

Hai algún libro que che traia

recordos daquel tempo?

O que nos recomendou a profesora Maite: El guardián entre el centeno.

E máis atrás, na túa infancia?

Marcou a miña infancia unha colección que tiña o meu irmán sobre os gnomos. Gustábanme moito, era unha obra didáctica e aprendías cousas sobre os animais...

En que sitio che gusta ler?

O sofá da miña casa.

E no instituto les?

Si, sobre todo polas tardes. Eu veño os luns e mércores e hai un ambiente moito máis tranquilo. Aproveito para ler, porque senón a tarde faise longa.

Gustaríache que os teus fillos fosen afeccionados á lectura?

Si. A verdade é que o pequeno aínda non sabe ler, pero gústalle que lle conten contos antes de durmir.

Prefires o papel ou e-books?

Gústame a sensación de pasar as follas e saber cantas páxinas liches e cantas che quedan. Para voltar atrás, o papel paréceme máis cómodo. Teño empezado varios no lector electrónico, pero cánsame.

Gústanche os libros postos polo club de lectura?

Xeralmente, si. Ademais son os que leo ultimamente porque máis ou menos imos pautando unha lectura cada mes.



MIGUEL PEREIRA

DAVID ROMERO

2.º ESO

Este libro é un best seller publicado en 1995 por Agustín Fernández Paz en Edicións Xerais. Gañou o premio Rañolas no mesmo ano da publicación. A partir do ano pasado conta coa edición en banda deseñada ilustrada por Antonio Seijas, artista veciño de Ares.

O argumento da historia é o seguinte. Á volta da súa viaxe, o escritor Xabier Louzao atópase coas cartas que o seu amigo Adrián lle escribira durante a súa ausencia. Unhas cartas que, nunha espiral de enigmas, descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda. Mais alí, os dous amigos terán que enfrontarse a misterios que talvez as persoas nin tan sequera somos capaces de imaxinar.

Se aínda iches a novela nin o cómic a que esperas! Este libro ofrécete momentos de intriga. Unha vez que empezas non podes parar.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
Cartas de invierno
Edicións Xerais. Col. Fóra de Xogo.
29 edición.

ANTONIO SEIJAS (Ilustrador)
Cartas de invierno. Novela gráfica.
Edicións Xerais. 2012.



IRIA REGUEIRO CRUZ

4.º ESO



Los miserables (2012).

É unha película musical británica. Trátase da adaptación cinematográfica do famoso musical 'Les miserables', baseado á súa vez na novela homónima de Victor Hugo. O expresidiario Jean Valjean (Hugh Jackman) é perseguido durante décadas polo despiadado policía Javert (Russell Crowe). Cando Valjean decide facerse cargo de Cosette, a pequena filla de Fantine (Anne Hathaway), as súas vidas cambiarán para sempre.



Oz, un mundo de fantasía

Sinopse:

Oscar Diggs (James Franco), un mago de circo de dubidosa reputación, ten que deixar a poeirenta Kansas e trasladarse ao brillante País de Oz. Está convencido de que a partir dese momento a fama e a fortuna lle sorrirán. Pero, cando as meigas Theodora (Mila Kunis), Evanora (Rachel Weisz) e Glinda (Michelle Williams) comezan a dudar da súa categoría como mago, empezará a ter problemas. Se quere triunfar, terá que averiguar canto antes quen son os bos e quen os malos. (FILMAFFINITY).

Reseña:

É unha película dirixida especialmente a un público infantil, pero que paga a pena ver para poder gozar dos magníficos efectos especiais. Toda a película é un constante espectáculo visual. Non só destacan os efectos especiais, tamén a boa feitura do vestuario merece ser destacada.

Os actores realizan un bo traballo, pero non hai un personaxe que destaque sobre os demais.

Se non fose polo final da película podería tratarse perfectamete doutra historia, ou polo menos iso me pareceu a min. Algunhas das partes faise longa de máis, quizais sobren algúns detalles. Pero, en xeral, está ben para pasar un momento.

La tumba de las luciérnagas (1988)

PUBLICIDADE



É unha película de animación xaponesa dirixida por Isao Takahata. Está considerada, xunto a La lista de Schindler de Steven Spielberg e El pianista de Roman Polanski, unha das mellores películas antibelicistas.

Seita e Setsuko son fillos dun oficial da marina xaponesa. Un día, durante un bombardeo, non conseguen chegar a tempo ao búnker onde a súa nai os espera. Cando despois buscan a súa nai, atópanna malferida na escola, que foi convertida nun hospital de urxencias. Tras a morte da nai e unha breve estancia na casa dunha tía, os rapaces vagarán sen casa e sen rumbo.

Desde aquela fría tarde

Xa pasou moito tempo desde aquela historia, pero eu sígote lembrando desde aquela fría tarde.

Desde a última vez que te mirei ós ollos e sorrín, pasaron dous meses, e todo continua igual, cando menos para ti, porque eu aínda non fun quen de erguerme.

Pode que non o creas, pero desde hai tres semanas non paran as miñas dores de cabeza, de erguerme e soñar contigo, acordarme e sorrir.

Non son ninguén agora mesmo. Non son ninguén para pedirche nada, pero espero que de aquí a algúns anos te acordes de min e me chames para tomar algo e falar de como nos vai a vida.

Se conseguiches irte a vivir ó teu lugar de nacencia, se segues a levar ese pixama de snopy de puntiños brancos e se o corazón xa che vai mellor...

Se soubera que ese ía ser o noso último abrazo, estaría alí ata que me romperan os brazos, estaría mirándote ata agora e estaría co mesmo sorriso que tiña ao principio. Pero aprendín a estar sen ti, non a esquecerche, porque non podes sacar a alguén da cabeza por máis que te forces. O cerebro traizóate pola noite e soñas con ela.

Aprendín tamén a baixar do bus e non verte esperándome cun abrazo. Aprendín a soportar a xente, a que me preguntasen por ti, e ó final de todo acabei eu preguntando por ti.

Aprendín a controlar os impulsos do corazón. A non quedar parada esperando que me mires e me sorrías cando te vexo e se me para o sangue milésimas de segundo.

Quizais pasamos máis momentos malos que bos, pero

máis da metade do oco da esquerda e vermello como un puño. Gardo moitos recordos e son todos os momentos felices que tiven contigo.

Lémbrome de estar na praia, de estar xuntas nas escaleiras, no faro, na vila abrazadas vendo os fogos.

Cando estaba contigo pensaba que coma ti ía ser calquera persona que estaría por chegar. Que todos somos iguais e ¡merda!, ninguén é igual a ninguén. Non puiden dar-me conta antes? Todo foi complicado. Quizais noutro lugar, noutros anos... tería saído mellor? Non, creo que non.

Quero dicirche, aínda que sexa tarde, que te quería, pero por medo ou orgullo non me atrevín a dicircho.

Realmente son que son agora. Ningún pasado era o que era antes, por iso o futuro cambiará e non vou volver a quererte como antes. Por iso me dedico a escribir.

De verdade que me arrepiño de non ter confiado máis. De non terche contado máis cousas. Porque ese foi o noso problema: o da confianza. Non sabiamos unha da outra a pesar de ser amigas desde había tres anos.

Agora o único que me queda é darche as grazas por cambiarme tanto. Quixera dicirche que ti me cambiaches, que non es a do sorriso que tanto me encantaba. Pero non é así. Cambiei eu e ese sorriso a día de hoxe talvez aínda me guste máis.

Grazas por facer que cambiara. Erros do pasado remédianse no futuro, estou segura diso.

Mil grazas che debo, pero tamén perdóns. Iso sabémolo nós, cada erro. Non me vou xustificar.

Cando te vexo e se me para o sangue, e non son quen de falar, é porque aínda teño a lembranza de que fuches a única persoa que me encheu de verdade.

Encántame verte feliz.

Non te esqueceré nin mesturando alzheimer con opio.

SOLUCIÓN AOS PASATEMPOS

1ª Xornada: Problema - 2: DIFÍCIL DIVISIÓN DE CINCO CÍRCULOS

Teñen que quedar dous círculos e medio a cada lado da liña. Construindo un círculo auxiliar e trazando a liña que pasa polo seu centro e polo centro do círculo inferior esquerda, o problema que da claramente resolto como se ve na figura.

3ª Xornada: Problema - 8: TIRAS DE CARTÓN

As catro tiras, por separado, cubrirán unha superficie de $4 \times 10 \times 2 = 80 \text{ cm}^2$



Ao solaparse perpendicularmente, como indica esta figura, ocúltanse (ou se duplican) catro cadrados de $2 \times 2 = 4 \text{ cm}^2$

Total, a superficie da mesa cuberta é de $80 - 4 \times 4 = 80 - 16 = 64 \text{ cm}^2$

5ª Xornada: Problema - 13: UNHA SANDÍA DESCOMUNAL

O 1% da descomunal sandía de 10 kg non é auga, isto é, 100 grams. Estes 100 grams mantéñense inalterables cando a sandía perde auga e, entón, di o enunciado, esos 100 grams supoñen o 2% de toda a sandía.

E 100 grams e un 2% de 5000 grams. É decir, a sandía pesa xustamente a metade que antes, 5 kg, todo un lifting verde.



Hai moitos anos, un mago quixo ter o poder absoluto. E que maior poder co do noso grande astro? E foi así que, usando a súa maxia, tapou o sol coa lúa e sumiu o meu mundo na noite eterna. Así comezou todo...

MORVEL

Antes de continuar esta historia temos que aclarar varias cousiñas, a primeira é que o meu mundo sería o que vós chamariades unha realidade paralela no que os cabaleiros loitan servindo os reis e os guerreiros buscan o poder e a fama ou a tranquilidade. No meu mundo existen os dragóns, os elfos, os orcos e multitude de criaturas mitolóxicas que desapareceron hai tempo pola man do home.

O segundo que debedes saber é que o noso protagonista se chama Morvel.

Morvel é un aventureiro que vai na busca de diñeiro e de mulleres, é un home pouco convencional e, sobre todo, impredecible.

En canto ó seu físico, é un home alto e está en boa forma, ten o cabelo escuro e rebelde, ten os ollos verdes coma as follas das árbores na primavera e sobresáenlle eses peliños na cara que saen ós tres días pero que non son barba verdadeiramente. As cellas son normais, xa sabedes, nin moi finas nin moi grosas, e o seu nariz non é nada fóra do común. Viste roupas escuras e leva colgada do cinto unha espada, como é típico nos aventureiros coma el.

O noso protagonista escapou da súa casa ós trece anos. De mozo, Morvel perdeu a súa familia nun incendio, do que aínda din que foi provocado. Por aqueles tempos vivía cun home que o trataba con moita crueldade, Morvel sempre se refería a el como o crego cabrón do seu tío. Pegáballo todos os días e nalgún momento fartouse daquilo e rouboulle o diñeiro, encerrouno nos seus luxosos aposentos cando durmía e non volveu máis por alí.

Logo, despois de varios anos vagando criouno un luxurioso armeiro que lle ensinou a usar a espada e a buscar mulleres onde puidera. Pero aquel home morreu, e Morvel, ós dezoito anos, comezou o seu camiño.

Agora, ós vinte e seis anos, despois dun difícil comezo, no se pode dicir que lle fora mal.

Certo día, cando acababa de chegar a un poboado, e camiñaba cun sorriso na cara e a man na súa espada, viu un mozo famento na porta dunha casa e recordoulle o tempo que vivira co crego e a fame que pasara. Acercouse, levou a man cara a un saquiño que colgaba no seu cinto e sacou unha moeda de prata que lle lanzou ó mozo.

-Come algo rapaz, estás nos ósos- díxolle o aventureiro.

O rapaz, cun sorriso, como o que non se lle debuxaba había moito tempo, saíu a fume de carozo. Morvel, feliz pola súa acción, seguiu camiñando cara á taberna onde quedara coa súa compañeira Glia.

Entrou na taberna, botou unha mirada e, ó localizar a Glia, dirixiuse á barra. Alí estaba ela. Era unha muller moi atractiva, alta, de longos cabelos rubios, ollos dourados, que era un trazo moi pouco común, un sorriso arrebatador e un ano menos co noso protagonista. Era unha aventureira á que rescantara tempo atrás duns bandidos que a sorprendieran. Cando Morvel se lle insinuou quedou sen sentido durante un longo anaco. O noso amigo aprendeu rápido a esquivar as súas labazadas.

Cabe dicir que ó cabo dun tempo empezou a gustarlle Morvel, atraíaa moito aquel punto impredecible do home, pero aquilo tamén a enfadaba. A miúdo non sabía o que pensaba o seu compañeiro, nin se cando falaba a estaba escoitando. Ademais, o costume de deitarse con tantas mulleres, que a miúdo lle carrexaba problemas ós dous, facíaa pensar en que pasaría se lle dicía que lle gustaba.

-Boas -dixo Morvel distraído.

-Ola -respondeu Glia co seu encantador sorriso no rostro, un pouco nerviosa.

Claro que o sorriso desapareceu cando se deu conta que o noso amigo non lle prestaba atención, senón que miraba por riba do seu ombro o escote da taberneira. Cabe dicir que despois daquilo, Morvel levou unha labazada que non vira vir.

-Posme dos nervios -espetoulle a atractiva muller.

-Que fixen agora? -preguntou cunha man na meixela.

-Deixa, por certo, dixéronme que se está achegando unha banda de orcos que saquearon a uns mercadores, poderíamos sacar unha boa tallada.

-Non somos bandidos.

Ás veces o sentido do honor de Morvel impresionábaa, pero claro, deseguido o estropeaba quitándolle todo o encanto.

-Ademais, a roupa e as bagatelas non dan de comer -finalizou o noso amigo.

Glia suspirou profundamente con resignación e mirou o chan, entre tanto, Morvel pedía unha xerra de cervexa. Deulle un longo trago e deixou sobre a barra unha moeda de prata, a súa compañeira mirouno e logo dirixiu a mirada á porta.

-Es único Morvel, -dixo mentres marchaba- sabes, estou cansa de aturarte.

A aventureira cruzou a porta e mentres daba outro trago á cervexa preguntábase que ocorrera alí. No lle deu mais importancia da necesaria e, despois de rematar a xerra, saíu para fóra.

Glia deuse conta de que Morvel a seguía, pero non tiña ningunha intención de deixar que se achegara. O aventureiro dobrou a esquina e unha frecha cravouse ó lado da súa cabeza. Captou a mensaxe e dirixiuse fóra da vila coa seguridade de que o seguinte proxectil se lle cravaría no brazo. Non sería a primeira vez que ocorría, pois cando a rescatou ela foise por outro camiño e cando a seguiu, sen facer caso da primeira frecha, acabou co brazo ensanguentado e unha nova compañeira.

A pesar das posibilidades de esquivar un novo proxectil, decidiu que o máis sensato sería seguir camiñando noutra dirección polo momento.

O noso amigo, pensando que puidera anoxar a Glia, paseou polas arredores da vila sen ningún temor de que un frecha o viciara. Aínda que, ó pouco, distinguiu outros sons. Un besbello, logo pisadas, demasiado torpes para ser as da súa compañeira que buscaba vinganza dun suceso que ignoraba e seguía a cavilar.

Tan pronto como viu as primeiras sombras, e non das árbores precisamente, o seu aceiro reluciu baixo a noite eterna. Concentrouse, pechou os ollos e respirou profundamente agudizando o seu oído, entón abriu os ollos de súpeto antes de que tres horribles criaturas se lle tiraran enriba armadas con toscas espadas e un deles cun garrote.

Rodou polo chan e pegou un brinco por baixo do primeiro atacante, logo despachouno cun só golpe, limpo e certo, que deixou seca a criatura. A segunda turrou co garrote dando golpes ó aire sen atinar no aventureiro, aínda que tivo que colocar a espada nunha difícil posición para deter o tallo realizado polo outro atacante.

Morvel estaba nunha difícil situación, pero non se rendería con tanta facilidade. Colleu a arma con ambas as mans e cargou con forza, desprazándose uns pasos cara a atrás cando detiveron o ataque, e, aproveitando o impulso, rotou e segoulle a man a unha das bestas

facendo que lanzara un ruxido furioso que se escoitou por todo o bosque. Logo derrubou o seu adversario cunha patada na parte traseira do xeonllo, esquivou o garrotazo do outro e atravesou a criatura coa espada e a besta caeu inerte a terra. Deulle a volta á folla da arma e rematou a outra criatura.

-Condenados orcos -dixo logo de cuspir no corpo da besta e enfundar a espada.

Nisto apareceu un home encarapuchado, de longa barba gris e branca, apoiado nun caxato e vestido cuns farrapos vellos. Este achegóuselle con lentitude, coma se lle custara moito andar.

-Ben feito -felicitou.

-E ti es? -Preguntou sen rodeos.

O home riu e dirixiu a mirada preto dunha árbore sen facerlle caso, alí, nunha póla, había unha colmea.

-As abellas son maravillosas. Non cres?

-Só son bechos, volvo a preguntar: e ti es?

O encarapuchado sorriu e mirou para Morvel sen responder.

-Non me gusta repetirme.

-Deberías ter máis consideración coas abellas, -dixo o home cambiando de tema- son vitais para o mundo. Quen puidera crer que sobrevivirían á noite eterna?

-Que ten que ver isto co teu nome? -preguntou algo desesperado.

O encarapuchado fixou a vista no agora escuro grande astro, con aqueles luminosos bordes.

-Recorda ben as miñas palabras, aventureiro.

Morvel quixo volver preguntar o nome ó home, pero non tivo tempo.

-Unha profecía di que pronto volverá o mal e o caos ó noso mundo. Haberá tres sinais: primeiro morreran todas as abellas, despois a terra tremerá e por último o ceo tornarase vermello. Cando isto ocorra non haberá onde fuxir. Pero aínda podes impedilo, sorte Morvel.

-Como sabes o meu nome e quen es ti? -Esixiu saber, pero o home esvaeceuse no aire Volve aquí! Fillo de p...

Imos deixalo aquí, pode que outro día vos conte o resto da historia. Pero agora estou canso, seguiremos noutro momento...

PUBLICIDADE

Automóviles Pedreira
Rúa Camiño Grande 14
MUGARDOS



CARTA DE CASANDRA A AGAMENÓN

Querido Agamenón:

Esta é a derradeira carta que che escribo. Estou moi decepcionada contigo. ¡Xamais pensei que me farías isto!

Cando cheguei aquí, entregada a ti como escrava, tiña a esperanza de que só tería que servirme e facer todo o que me pedises, pero nunca pensei na opción de ser a túa amante, xa que tes esposa.

¡Non entendo como puiden ser tan inxenua! Crinme tódalas túas mentiras. Fixéchesme crer que me amabas e que deixarías a túa esposa para casar comigo... E sabes por que o crin? Porque eu cheguei a amarte, pero ameí a un home que non era o verdadeiro Agamenón, porque ti non es así.

Ti non es coma o home que me fixeches crer que eras! Só desexabas aproveitarte de min! E o peor é que o conseguiches. Fíxate no problema no que me metín pola túa culpa. Agora Clitemnestra estame a perseguir porque se enterou do noso romance, e a miña vida corre perigo. Xa sei que son a túa escrava e que non podo facer este tipo de cousas, pero vou fuxir, xa que non teño nada que facer aquí. Non trates de buscarme, porque non me atoparás. Preocúpate pola túa muller, que é o único que che importa, xa que unha pobre escrava coma min non é suficiente muller para ti.

Non te preocupes por min, que non volverás a verme nunca. Continúa coa túa vida sen min. Espero que recordes cada momento que pasamos xuntos e que che doa a miña ausencia, coma a min me doeu que me deixases.

Ódiote, Agamenón. Ata nunca!

Cassandra

CARTA DE FEDRA A HIPÓLITO

Querido Hipólito:

Teseo comunicoume a túa morte. Desde hai días a conciencia non me deixa durmir. Por iso, antes de reunirme contigo no escuro mar, decidín escribirche esta carta e lanzala ás súas tenebrosas augas. Que Poseidón, o mesmo que rematou coa túa vida, te achegue esta carta para amosarche o meu amor eterno. De nada serven xa as miñas disculpas e o meu eterno arrepentimento, mais necesito que saibas que te amo e te amarei e xamais desexei que nada disto ocorrera.

A ira ocupouno todo cando te negaches ao meu ofrecemento, e tiven medo. Cría que os meus actos chegarían aos oídos do meu marido Teseo e, cegada polo pánico, conteille mentiras sobre ti, mentiras que endexamais debería de pronunciar.

Desexo que me perdoes. Espero que axiña nos reunamos. Desexo tamén que saibas que a existencia se me fai insoportable sen ti, e máis con este sentimento de culpa.

Estes días chorei sen parar de repetirme que todo fora culpa miña. Cheguei á decisión de reunirme contigo e que me perdoes alí onde esteas.

Fedra

Posesión

PABLO J.
RAÑALES

Vai frío nesta habitación, moito frío. O furacán de pensamentos que fan que a miña mente sexa moitas veces perversa non para, e esa maldita voceciña, pequena, que tamborilea na miña orella, non cesa. Podo, quizais, berrar e rabuñar a miña cabeza, pero iso só provocaría máis dor. Unha dor que non pasa, que segue aí e non cesa. É horrible ver as túas mans ensanguentadas, mentres ese insignificante home, ou o que sexa ese maldito demo, rechía coas súas garras no teu cerebro, pedindo máis e máis.


O corpo que teño aquí diante, colgada da parede é unha obra de arte, podería dicirse, algo satánica, pero se non o fago, morro eu. E eu non podo morrer. Non pola súa culpa. Porque sei que alí, no ardente e maldito inferno estará el, esperándome nas portas, para seguir torturándome eternamente. O sol e a lúa pasan por diante da miña fiestra, pero iso para min, non ten sentido. Sei que esta carta non chegará moi lonxe, que os ollos que agora mesmo len estas liñas tomaranme por tolo, pero non é así. Xuro que antes era normal. Pero a escuridade cae sobre min coma una espléndida aguia, e canda a cor negra vén el.

Ese pequeno, molesto e maldito veciño, cos seus ollos vermellos pestanexando coma se o inferno se aproximase cada vez máis a min. Coas súas vestiduras esgazadas, cheas da escuridade que me atrapa e me condena. A súa pel, repugnamente marrón, e a súa malvada e odiosa risa, que se mete na cabeza das persoas que as escoitan, só o fan máis perverso. Podería dicirse que son esbirros do Demo, feitos para condenar a unha longa e interminable cadea de sufrimentos a quen lles faga caso. Cando veñen máis como el, sei que é o momento. É o momento de cometer pecados que me envían ao inferno unha vez máis. Non quero, pero debo facelo. Debo sentir o sangue correr polo meu corpo para librarme del, polo menos uns minutos. Pero eu, agora mesmo, aturo cada vez menos. E o son do coitelo é demasiado bonito e crea moitas ilusións na miña perturbada mente. Non volverei a facer dano a ninguén, e ninguén, nin sequera el, ou eles, faranme dano a min.

Nobre persoa que le estas repugnantes palabras, non quero funeral, non quero que o meu corpo exista cando a miña mente explote, o meu cerebro non aguante máis, e ese pequeno e vello inimigo meu vaia ao inferno comigo, para que non poida volver a molestar a ningunha persoa. Non quero que as miñas cinzas sexan botadas a terra, nin que a miña alma poida descansar en paz. Eu só quero que todos vosoutros poidades descansar en paz, afastados deste demo que me corroe. Quero que o lume que me consumirá eternamente no averno tamén consuma o meu corpo, e o que quede del sexa olvidado nalgún lugar afastado da man dos humanos. Eu xa teño un lugar asegurado no palco do Demo.

Ti, aínda non.

PUBLICIDADE



Garaxe Mugardés
Mecánica, chapa e pintura

Avenida de Galicia 96
Mugardos 981 47 09 84

CARPINTERIA XARDO

Cno. Grande, 94 B
Mugardos

981 460 138


No ano en que o noso IES celebra o seu XXV aniversario tamén celebra o seu XXV aniversario un concurso coñecido popularmente como OPEN MATEMÁTICO.

Consiste nun certame anual de popularización das matemáticas, que ten por actividade principal un Torneo Aberto de Resolutores de Problemas. Xurdiu hai 25 anos no IES nº 1 de Requena (Valencia) por iniciativa de Antonio Ledesma López, Catedrático de Matemáticas nese instituto e Coordinador do “Colectivo Frontera de Matemáticas”. No Torneo, de oito xornadas de duración, propóñense de dous a catro problemas, cun total de 20. Os participantes dispoñen na 1ª xornada de dúas semanas e da 2ª á 7ª dunha semana para entregar as súas solucións. A última xornada, presencial, nos anos 2009 e 2012, na zona norte de Galicia, celebrouse no noso Centro. Viñeron a Mugar dos participantes do IES Monelos e do IES Elviña da Coruña, que ao remate da proba intercambiaron impresións na cafetería cos alumnos de Mugar dos. As ideas brillantes ou enxeñosas foron tidas en conta para a clasificación do premio de beleza.

A continuación mostramos unha serie de problemas propostos na súa edición nº 20, ano 2008.

1ª Xornada: Problema - 2: DIFÍCIL DIVISIÓN DE CINCO CÍRCULOS


Dados 5 círculos de igual radio e tanxentes tal e como mostra o gráfico, indica cómo trazar unha liña recta, con total precisión, que divida pola metade a superficie de ditos círculos.



3ª Xornada: Problema – 8: TIRAS DE CARTÓN

Colocamos sobre unha mesa catro tiras de cartón de 10 cm de longo por 2 cm de ancho de forma que se solapen perpendicularmente tal e como indica a figura.

Cal é, en centímetros cadrados, a superficie exacta do trozo de mesa cuberto polas tiras?



5ª Xornada: Problema – 13: UNA SANDÍA DESCOMUNAL

Unha enorme sandía pesou 10 kg, dos cales o 99% é auga. Ao poñerla certo tempo ao sol, evaporouse algo de auga e, agora, a porcentaxe só supón un 98%.

Canto pesa agora a sandía?



Fonte da imaxe
<http://robertovidalbolano.org/>

Fonte do texto
Seminario Galán

Roberto Vidal Bolaño

Letras Galegas, 2013

Naceu en Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1950. Realizou os seus estudos de primaria e bacharelato, pero con doce anos comezou a traballar en oficios diversos: repartidor de recambios de coche, nunha axencia de viaxes, nun almacén de coloniais e nunha entidade bancaria.

Con vinte e sete ano pasou a dedicarse en exclusiva ao teatro. Fundou a primeira compañía profesional de teatro en galego, o Grupo Antroido, na que realizou todo tipo de funcións: empresario, director, actor, autor, electricista, pintor...

Ao longo da súa traxectoria artística escribiu preto de trinta obras teatrais, algunhas delas dedicadas ao público infantil e outras aos adultos.

Tamén realizou guións para as televisións galega e española, levando pantalla relatos de escritores galegos como Fole ou Blanco Amor.

Participou como actor en longametraxes e series televisivas e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas.

Recibiu numerosos premios pola súa obra teatral: Premio Abrente, Premio Cunqueiro, Rafael Dieste, Eixo Atlántico, Tirso de Molina...

No ano 1991 creou e dirixiu a compañía Teatro do Aquí, coa que seguiu representando as súas propias obras.

Faleceu en Compostela na madrugada do once de setembro de 2002.

Dramaturgo. Obras representadas
Laudamuco, señor de Ningures (1977)
Anxeliños. Comedia satánica (1977)
Bailadela da morte ditosa (1980)
Agasallo de sombras (1984)
Caprice des Dieux (1985)
Cochos (1988)
Saxo Tenor (1993)
Mar revolto (2001)
Animaliños (2002)
Integral (2003)

Actor (Cine)

Sempre Xonxa
A noiva da medianoite
A lingua das bolboretas



PUBLICIDADE



Concello de Mugardos



Concello de Ares